



FRAGA DA MARRONDA — ALTO EO

Club de Montaña O Carroucho

20 de Maio de 2017

Aruta que imos facer discorre integramente polo concello de Baleira onde se sitúa o nacemento do río Eo, concretamente no lugar de Fonteou.

A Fraga da Marronda é un exemplo excepcional de bosque autóctono galego entre as aldeas da Braña, Fórneas, Mendreiras, O Real e Martín. Nunha zona de media montaña, medra esta vigorosa e atractiva masa natural que destaca pola elevada variedade de especies vexetais e animais que nela habitan. Incluída na “Rede Natura 2000”, a Marronda ten como principal singularidade a de constituir unha parte do límite sur occidental da faia en Europa,



erixíndose como unha das máis importantes reservas desta árbore no sur occidental do continente.

Máis de cento setenta especies de árbores e arbustos conviven na Marronda. Son protagonistas da diversidade

vexetal: faias, castiñeiros, carballos, abeleiras, acivros, cancereixos, salgueiros, hedras, toxos, xestas, fentos, arandos, silvas, líquens, mofos, etc. Entre os representantes da variedade faunística figuran o xabarín, corzo, raposo, xineta, donicela, esquío, azor, gabián, aguia caudal, corvo, perdiz, cuco, bubela, morcego, porco espiño, formigas, vagalumes, lesmas ou os vermes e ácaros do solo forestal.

Atravesamos a Fraga e deixamos a pista para enlazar cun camiño que vai pola ladeira leste do Pico e baixa cara a Mendreiras, aldeña que conserva algún exemplo de arquitectura tradicional. Seguimos o noso camiño e tras unha pequena subida cara ao alto da Valiña, continuamos de novo o descenso polas cristas do monte, contemplando o val do Eo e os montes que o rodean, e ás veces os

Datos Básicos

Comezo: A Braña

Remate: Ponte de San Paio

Distancia lineal: 19,5 km.

Duración aprox.: 7,5 horas

Dificultade: Media

Altura máxima: 808 m

Altura mínima: 344 m

Acumul.: \uparrow 745 m / \downarrow 880 m

meandros do Eo, A Cortevella e a área recreativa do mesmo nome, cara onde nos encamiñamos para facer un descanso e gozar da fermosa paisaxe fluvial que o río deixa ao seu paso. Nela atopamos un fermoso muíño de varios vanos, unha reconstrucción dun cabazo, e un miradoiro coa estatua de San Antonio, pero sen dúbida o máis curioso é a presenza dun ascensor para sortear o desnivel entre a estrada e os prados onde se celebra a romaría da Virxe de Lourdes o 31 de Agosto.

A partir de aquí comezamos a remontar o río polo sendeiro que discorre ao

seu carón, rodeado dunha vizosa Fraga de ribeira e salpicada de soutos, ouriceiras e muíños.



Tras pasar o pequeno rego de Monte Meán, o camiño ábrese á paisaxe sobre o val, na denominada Senda dos Cazadores. Deixamos esta, e tras cruzar unha ponte, pasamos pola fermosa aldea de Cabreiras, onde podemos ver a pequena Capela da Pastora. Continuamos pola marxe dereita do Eo para dirixirnos á Ponte de Naseiro onde cruzamos o río para ascender por unha pista que logo deixamos para adentrarnos nun sendeiro que nos conduce á bifurcación que leva á impresionante Fervenza do Pozo da Ferreira. Retomamos a senda que, cruzando unha zona de prados, achéganos á aldea de San Paio, que deixamos atrás tomando a estrada que pasa preto da Fervenza do mesmo nome, e en pouco tempo chegar a Ponte de San Paio onde nos espera o autobús.



Próxima cita:

10-11 Xuño
Bustelín - Íbias



www.carroucho.org